



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística: Introducción ao estudo da linguaxe

Materia	Lingüística: Introdución ao estudo da linguaxe			
Código	V01G430V01121			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	García-Miguel Gallego, José María			
Profesorado	Cabeza Pereiro, María del Carmen García-Miguel Gallego, José María			
Correo-e	gallego@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado para que comprenda a realidade lingüística do ser humano, fornecéndoo dos conceptos, da terminoloxía e das ferramentas necesarias para a descrición, análise e estudo das linguas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C3	Coñecemento da evolución das formas, medios e xéneros da creación literaria nas literaturas do grao.
C4	Coñecemento da periodización e sistematización dos movementos literarios e capacidade para distinguir e clasificar as obras dentro deses períodos e movementos.
C5	Comprensión e coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria e da teoría e crítica literaria para ter unha visión fundamentada e crítica da creación literaria.
C8	Coñecemento das bases teóricas, os conceptos e os métodos (fonéticos, gramaticais, semánticos e pragmáticos) da análises lingüística aplicadas ás linguas do grao.
C13	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

- Coñecemento sobre a capacidade lingüística humana e as linguas do mundo.	A2		C3 C4 C5 C8 C13	D3
- Coñecemento sobre as aplicacións da lingüística.	A1	B5	C3 C5 C13	D3
- Capacidade de comprender lecturas introductorias.		B8	C3 C4 C5 C8 C13	D3
- Capacidade para distinguir os contidos esenciais dos accesorios.		B6	C3 C4 C5 C8 C13	D3
- Capacidade para resolver exercicios de carácter básico.	A2	B7	C3 C4 C5 C8 C13	
- Habilidade de traballar con datos de linguas descoñecidas, nun nivel básico.			C3 C4 C5 C8 C13	D3
- Habilidade de trasladar as ferramentas e problemas tratados ás linguas de especialización do alumnado.	A2		C3 C4 C5 C8 C13	D3

Contidos

Tema

1. A natureza da linguaxe	
2. A lingüística	O estudo científico da linguaxe
3. As linguas do mundo	Panorama xeral da diversidade lingüística do planeta. Criterios de clasificación das linguas
4. Os sons das linguas	Fonética e fonoloxía
5. Os sistemas de escritura	
6. A estrutura gramatical das linguas	6.1. Tipoloxía sintáctica 6.2. Tipoloxía morfolóxica
7. Significado e uso	
8. Discurso e sociedade	
9. Medio visual e linguas de signos	
10. Adquisición da linguaxe	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	19	34	53
Estudo de casos	10	20	30
Resolución de problemas de forma autónoma	0	40	40
Resolución de problemas	10	0	10
Seminario	4	4	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Actividades introductorias	Presentación da materia: metodoloxía, contidos e avaliación.
Lección maxistral	Presentación introductoria de contidos.
Estudo de casos	Presentarase un tema para analizar, individualmente ou en grupo, relacionado coa práctica lingüística ou a realidade cotiá. O alumnado desenvolverá o seu xuízo crítico para analizar as situacións propostas.
Resolución de problemas de forma autónoma	A partir dos datos e das instrucións que se proporcionen na aula, o alumnado deberá dar coa resposta adecuada a problemas ou exercicios.
Resolución de problemas	Actividade que consiste en explicitar e comentar as solucións aos exercicios que complementan a parte teórica de cada tema.
Seminario	A profesora ou profesor resolverá as dúbidas que teña o alumnado tanto no que se refire aos conceptos introducidos como a forma de resolver os problemas ou casos. Para iso, poderá aportar información adicional.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios sobre os contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios orais e escritos da primeira parte da materia (temas 1-6) para realizar na clase ou a través da plataforma Moovi.	25	A1 B5 C3 D3 A2 B6 C4 B7 C5 B8 C8 C13
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios orais e escritos da segunda parte da materia (temas 7-10) para realizar na clase ou a través da plataforma Moovi.	20	A1 B5 C3 D3 A2 B6 C4 B7 C5 B8 C8 C13
Exame de preguntas de desenvolvemento	Preguntas para desenvolver por escrito sobre os contidos da primeira parte da materia (temas 1-6) para realizar presencialmente en data previamente fixada.	30	A1 B5 C3 D3 A2 B6 C4 B7 C5 B8 C8 C13
Exame de preguntas de desenvolvemento	Preguntas para desenvolver por escrito sobre os contidos da segunda parte da materia (temas 7-10) para realizar presencialmente ao final do curso en data previamente fixada.	25	A1 B5 C3 D3 A2 B6 C4 B7 C5 B8 C8 C13

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

O procedemento ordinario de avaliación é a **avaliación continua**, a cal presupón a asistencia e participación regular ás clases e a realización das prácticas e exercicios que se propoñan nelas.

Por tanto, aquelas e aqueles estudantes que nalgunhas das dúas partes da materia asistan a menos do 75% das clases ou entreguen

(cun nivel aceptable) menos do 75% dos exercicios propostos só poderán ser avaliados polo procedemento de avaliación única (vid. infra). En caso de presentarse a un examen parcial, este non sería avaliado.

Nos exames parciais, a nota mínima para aprobar é un 5. Quen non acade esa puntuación mínima (e cumpra o requisito previo de asistencia e participación regular) poderá examinarse na segunda oportunidade só das partes suspensas.

A nota final calcularase a partir das notas parciais obtidas en cada ítem de cualificación, aplicando as porcentaxes de puntuación especificadas no apartado anterior. Para que poida calcularse a media ponderada (e por tanto para poder aprobar polo procedemento de avaliación continua) é preciso ter aprobado cada ítem de puntuación por separado, isto é, debe cumprirse o mínimo de asistencia e entrega de exercicios e deben estar aprobados os dous exames parciais.

Todas as probas cualificaranse tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística e o seu rigor académico.

Do alumnado que segue o proceso de avaliación continua espérase que participe de maneira activa no desenvolvemento do curso. É responsabilidade do alumnado facer un seguimento da materia nas clases ou a través de MooVi e estar ao tanto das

datas de realización e entrega das tarefas e exercicios.

Haberá tamén unha modalidade de **avaliación única** para aquelas/es estudantes que non poidan facer un seguimento regular da materia. A avaliación constará dun exame único baseado nos contidos da materia e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar despois do período de docencia, na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través das clases e de MooVi.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Na segunda edición das actas, aquelas/es estudantes que cumpren as condicións da avaliación continua conservarán a puntuación das prácticas, exercicios e exames aprobados e deberán realizar só o exame ou exames parciais suspensos. Para os/as restantes estudantes que non superaran a materia na primeira edición, a avaliación levarase a cabo mediante un exame global de toda a materia, que constituirá o 100% da cualificación. O exame terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Calsamiglia, H. & Tusón, A., **Las cosas del decir**, Ariel, 1999

Crystal, D., **The Cambridge Encyclopedia of Language**, 3, Cambridge University Press, 2010

Crystal, D., **Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge**, Taurus, 1994

Ramallo, F. G. Rei-Doval & X.P. Rodríguez Yáñez (eds.), **Manual de Ciencias da Linguaxe**, Edicións Xerais de Galicia, 2000

Yule, G., **El lenguaje**, Akal, 2007

Bibliografía Complementaria

Alcaraz, E., **Diccionario de lingüística moderna**, Ariel, 2004

Escandell, M^a. V. (coor.), **Claves del lenguaje humano**, Editorial Universitaria Ramón Areces / UNED, 2014

Escandell, M^a. V. (coor.), **Invitación a la lingüística**, Editorial Universitaria Ramón Areces / UNED, 2011

Fromkin, V., R. Rodman & N. Hyams, **An Introduction to Language**, 10, Wadsworth Cengage Learning, 2014

Brown, K. (ed), **Concise encyclopedia of the world languages**, Elsevier, 2009

Gary, J. & Rubino, C. (eds), **Facts about the world languages**, Wilson, 2001

Escandell, M.V. et al., **El lenguaje humano**, EU Ramón Areces / UNED, 2009

Ariño-Bizarro, A. & López Cortés, N. (eds), **Avances de la lingüística y su aplicación didáctica**, Akal, 2022

Recomendacións

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Recoméndase encarecidamente o uso dos recursos da biblioteca universitaria.